

**PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE LATÍN (OPTATIVA 4º ESO)
CURSO 2018-2019
IES O MOSTEIRÓN**

LATÍN 4º DE ESO

NÚMERO DE HORAS SEMANAIS: 3

DEPARTAMENTO AO QUE SE ADSCRIBE: LINGUA GALEGA E LITERATURA

PROFESORA: BELÉN IGLESIAS GÓMEZ

Nas seguintes páxinas inclúese a programación didáctica da materia de Lingua Latina, optativa en 4º de ESO. Divídese nos seguintes apartados aos que se pode acceder directamente premendo nos correspondentes **hipervínculos** (premer no hipervínculo + Ctrl) :

ÍNDICE	Pax.
1. Introdución e contextualización	2
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Estándares de aprendizaxe avaliábeis que forman parte dos perfís competenciais	2
3. Programación de 4º de ESO.	
3.1. Obxectivos	5
3.2. Criterios de avaliación	5
3.3. Estándares de aprendizaxe avaliábeis	6
3.4. Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe	7
3.5. Temporalización	8
3.6. Procedementos e instrumentos de avaliación . Criterios de cualificación	9
4. Metodoloxía didáctica	10
5. Materiais e recursos didácticos	11
6. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	12
7. Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes	12
8. Deseño da avaliación inicial e medidas a partir da mesma	12
9. Medidas de atención á diversidade	13
10. Programación dos temas transversais	13
11. Actividades complementarias e extraescolares	14
12. Procedementos para avaliar a propia programación	14

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

[VOLVER AO ÍNDICE](#)

O contexto concreto no que se imparte esta programación é o dun grupo moi pequeno de alumnado de 4º de ESO que escolle Latín como materia optativa. Ao non haber estudos de Bacharelato no centro, non hai profesorado específico, e a materia é impartida como afín por unha profesora do Departamento de Lingua Galega, que é quen redacta esta programación. Tal e como se recolle no currículo oficial correspondente (DOG, 25 de xuño de 2015), “a materia de Latín na etapa da ESO ten como finalidade introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica”. Os obxectivos básicos que se perseguen son iniciar un estudo básico da lingua que é nexo e está na orixe do amplo grupo de linguas romances e coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade e da cultura romanas para poder relacionalos cos do mundo actual.

Contribúese, deste xeito, á adquisición das competencias básicas e ao logro dos obxectivos da etapa (Decreto 86/2015, do 25 de xuño).

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

[VOLVER AO ÍNDICE](#)

➤ Competencia en comunicación lingüística (CCL)

Mellorase a comunicación oral e escrita mediante o coñecemento das etimoloxías grecolatinas e dos procedementos de formación e evolución fonética das palabras, o que facilita a ampliación do vocabulario básico, culto, científico e técnico.

O coñecemento da estrutura da lingua latina e dos seus elementos morfolóxicos e sintácticos facilita a comprensión da gramática das linguas europeas de orixe romance e doutras que comparten co latín o carácter flexivo ou que recibiron unha achega léxica da lingua latina.

A través da práctica da tradución e da retroversión adquirese a habilidade para buscar, recoller e procesar a información dada e utilizala axeitadamente. Mediante a lectura de novelas históricas, cómics e diferentes textos clásicos contribúese a un achegamento á literatura e á mellora da expresión oral e escrita. O coñecemento da historia e evolución da lingua latina contribúen ao achegamento e uso doutras linguas actuais, e facilita a comprensión e o respecto por outrasculturas e linguas, incluíndo as antigas e minoritarias, e o rexeitamento dos estereotipos baseados en diferencias culturais e lingüísticas.

➤ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Traballaranse nos temas de cultura e civilización latina (calendario, educación, urbanismo, enxeñería romana e vías de comunicación)

➤ **Competencia dixital (CD)**

Desenvólvese esta competencia nas tarefas habituais da clase e naqueles traballos específicos onde se usan como ferramentas para a comunicación do coñecemento adquirido distintas páxinas de Internet referidas ao mundo clásico, páxinas de distintos museos, programas interactivos de exercicios, etc.

Ademais, o uso de técnicas de síntese, identificación de palabras clave e distinción entre ideas principais e secundarias, destrezas que nalgún momento se traballan nesta asignatura, aportan instrumentos básicos para a adquisición desta competencia.

➤ **Aprender a aprender (CAA)**

O latín contribúe a desenvolver hábitos de reflexión sobre a propia aprendizaxe , favorecendo as destrezas de autonomía e de planificación do traballo, exercitando a memoria mediante a recuperación de datos e situando o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico.

➤ **Competencias sociais e cívicas (CSC)**

A contribución do latín establécese desde o coñecemento das institucións e modo de vida romano como referente de organización social, participación cidadá na vida pública e delimitación de dereitos e deberes dos individuos e colectividade, no ámbito dunha Europa diversa, unida no pasado pola lingua latina. Ademais, o coñecemento das desigualdades da sociedade romana favorece unha reacción crítica ante a discriminación por grupo social ou étnico, diferenza de sexos, etc. Foméntase deste xeito no alumnado unha actitude de valoración positiva da participación cidadá, a negociación e a aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos.

➤ **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Esta materia contribúe no desenvolvemento desta competencia na medida en que o alumno ha de responsabilizarse do traballo persoal a curto e medio prazo e ha de cumprir obxectivos concretos. Axuda a traballar a motivación para lograr o éxito nas tarefas, desenvolvendo unha sa ambición persoal e académica.

➤ **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

O latín contribúe ao desenvolvemento desta competencia a través do coñecemento do patrimonio arqueolóxico e artístico romano no noso país e en Europa, o que potencia o aprecio e disfrute da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia, á vez que fomenta o interese pola conservación dese patrimonio. Proporciona, así mesmo, referencias para unha valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspiradas na cultura e mitoloxía grecolatinas, ou das mensaxes publicitarias que, en moitos casos, toman a súa base icónica do repertorio clásico. Ademais, co coñecemento do mundo clásico e da súa continuidade favorécese a interpretación da literatura posterior, na que perduran temas, arquetipos, mitos e tópicos, á vez que se desenvolve o interese pola lectura, a valoración do carácter estético dos textos e o amor pola literatura.

[VOLVER AO ÍNDICE](#)

3. LINGUA LATINA. PROGRAMACIÓN DE 4º DE ESO.

3.1. OBXECTIVOS 4º DE ESO

- Comprender textos latinos en contextos onde o sentido sexa facilmente deducible.
- Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.
- Desenvolver os hábitos de organización, traballo e disciplina no estudo a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de textos latinos.
- Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.
- Coñecer a orixe e a evolución das linguas romances para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.
- Utilizar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos.
- Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus componentes etimolóxicos.
- Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.
- Coñecer os aspectos relevantes da cultura e da civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa continuidade no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.
- Coñecer os xéneros literarios latinos máis importantes.

3.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN [VOLVER AO ÍNDICE](#)

- Coñecer a orixe das linguas faladas en España e en Europa, clasificalas e localizalas nun mapa.
- Aplicar as regras básicas de evolución fonética do latín ao galego e castelán, partindo dos étimos latinos.
- Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.
- Recoñecer os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos cos da propia lingua.
- Coñecer os feitos históricos máis importantes da historia de Roma e os aspectos máis relevantes da civilización romana.

- Distinguir nas distintas manifestacións literarias e artísticas de todos os tempos a mitoloxía clásica como fonte de inspiración e recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegadas da romanización.
- Identificar compoñentes de orixe grecolatina en palabras da linguaxe cotiá e no vocabulario específico das ciencias e da técnica, e explicar o seu sentido etimolóxico.
- Recoñecer latinismos e locucións usuais de orixe latina incorporadas ás linguas coñecidas polo alumno e explicar o seu significado en expresións orais e escritas.
- Traducir textos breves e sinxelos e producir, mediante retroversión, oracións simples utilizando as estruturas propias da lingua latina.
- Manexar recursos que lle permitan ao alumnado elaborar, guiado polo profesor, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma.

3.3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES . [VOLVER AO ÍNDICE](#)

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances	Competencias
LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias.	CSC
LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, clasifícaaas en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CAA CD
LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CCL CCA
LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe	
LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	
Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos	CSC CCL CCEC CD
LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino e recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa .	
LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	
Bloque 3. Morfoloxía	
LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	
LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.	CAA CD CCL
LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.	
LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	
LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e é capaz de conxugar tempos na voz activa,	
Bloque 4. Sintaxe	

LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	CMCCT CAA CCL
LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	
LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	
LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización	
LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma .	CSC CSIEE CD CAA
LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	
LAB5.2.1.Distingue e analiza distintos aspectos da civilización romana (formas de organizaciónpolítica,familia, vida cotiá, espectáculos públicos e valora o seu mantemento na vida actual	
LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	
LAB5.5.1. Recoñece os mitos máis importantes e distíngueos nas distintas manifestacións literarias e artísticas de todos os tempos.	
Bloque 6. Textos	
LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	CAA CCL CD
LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	
LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	
Bloque 7. Léxico	
LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	CAA CSC CCEC CCL CD
LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	
LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	
LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua	

3.4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE PARA SUPERAR A MATERIA

[VOLVER AO ÍNDICE](#)

Considéranse mínimos esixibles os que a seguir se enumeran . Tendo en conta estes, o grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe para cada bloque será o dun 50 %

- Coñecer as características básicas máis relevantes da morfoloxía e sintaxe latina que permitan comprender e analizar textos sinxelos.

- Recoñecer e identificar, entre outras linguas, as principais linguas romances.
- Utilizar os mecanismos básicos de evolución fonética e analizar as diferenzas de significado entre palabras dunha mesma orixe.
- Identificar e comprender as expresións latinas integradas nas linguas modernas e utilízalas dun xeito coherente.
- Identificar os mitos en manifestacións artísticas diversas.
- Recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegadas da romanización.
- Recoñecer os formantes gregos e latinos en diferentes contextos lingüísticos e comprender vocabulario a partir dos compoñentes etimolóxicos.
- Identificar correspondencias entre costumes, usos e institucións actuais e o mundo romano.
- Elaborar e presentar correctamente os traballos encargados e nos prazos establecidos.
- Presentar os cadernos de clase ordenados e limpos.
- Coidar a expresión oral e escrita.

3.5. TEMPORALIZACIÓN .

[VOLVER AO ÍNDICE](#)

Os sete bloques de contidos nos que vén organizada a materia no DOG responden aos dous núcleos de contidos que propón o libro de texto utilizado polos alumnos (ed. Santillana) e quedan distribuídos da seguinte maneira:

PRIMEIRO TRIMESTRE Unidades 1, 2, 3, 4 do libro de texto.

- Lingua latina :
 - indoeuropeo e as linguas romances.
 - O concepto de flexión.
 - Substantivos e adxectivos latinos.
 - Os casos e os seus principais valores sintácticos.
 - A primeira e segunda declinación.
 - Verbo SUM e verbos non copulativos. Desinencias persoais activas.
 - A oración atributiva e predicativa.
 - Concordancia morfosintáctica.
 - A evolución fonética. Termos patrimoniais, semicultismos e cultismos.
 - Vocabulario específico procedente das linguas clásicas no campo lingüístico, no das Ciencias Naturais e no da astronomía.
 - Latinismos e locucións latinas.

➤ Mundo romano :

- marco xeográfico e histórico da sociedade romana.
- Uso de fontes primarias e secundarias para coñecer o pasado.
- Fundación da cidade de Roma e a súa tradición lendaria. A Roma quadrata.
- Monarquía de Roma. Os reis lendarios da cidade. A sociedade romana na época dos reis.
- A república romana e as súas institucións de goberno.
- Uso das fontes clásicas para coñecer o pasado.
- Lendas sobre Hércules. A torre de Hércules.
- Mito das musas e o de Medusa e o seu legado cultural.
- A familia romana. - As partes da casa e tipo de vivendas.

SEGUNDO TRIMESTRE Unidades 4, 5, 6, 7.

➤ Lingua latina :

- A terceira declinación. Semellanzas e diferenzas coa primeira e segunda.
- Os adxectivos latinos.
- vocativo e o imperativo.
- Réxime e uso das preposicións.
- Formación de palabras mediante a derivación e a composición.
- Vocabulario específico procedente das linguas clásicas no campo da Medicina, da Física e Química e da Historia.
- Latinismos e locucións latinas.

➤ Mundo romano :

- mundo infantil en Roma e a educación.
- Os oficios na antiga Roma. A vida de Xulio César. Roma baixo X. César. O imperio romano.
- Octavio Augusto, a pax romana e a división do imperio.
- Os mitos de Orfeo, Faetón e Dédalo . O seu legado en manifestacións sociais e culturais.
- A Hispania romana. Orixe e evolución.
- A romanización da Península Ibérica e as súas pegadas na vías de comunicación.

TERCEIRO TRIMESTRE Unidades 7, 8, 9, 10.

- Lingua latina :
 - A cuarta e quinta declinación.
 - A flexión pronominal.
 - Nexos coordinantes máis frecuentes.
 - Revisión completa da voz activa.
 - Vocabulario específico procedente das linguas clásicas no campo da Arte, Filosofía e Música.
 - Latinismos e locucións latinas.

- Mundo romano :
 - A relación cultural entre o mundo grego e romano.
 - A orixe lendaria de Afrodita e o seu legado na historia da cultura e arte occidentais.
 - O legado clásico no museo do Prado.
 - Coñecemento da xornada cotiá en Roma.
 - Pervivencia de conceptos e institucións políticas de orixe grecorromana.
 - Outros mitos: Prometeo, Teseo e Edipo e o seu legado ao longo da historia.
 - Restos arqueolóxicos na Gallaecia. - A herdanza romana no campo da educación, a arte e a literatura.
 - As termas romanas.

3.6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN . CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

[VOLVER AO ÍNDICE](#)

Procedementos e instrumentos de avaliación trimestral	Valor na cualificación
<ul style="list-style-type: none">• Exames escritos trimestrais.<ul style="list-style-type: none">-Serán probas con cuestións variadas (bloque de contidos 1,2,3,4,6,7,) respectando a temporalización indicada .- Realizaranse un mínimo de dúas probas en cada trimestre.	70%
<ul style="list-style-type: none">• Realización de traballos (bloque de contidos 5): Lectura de libros e textos clásicos, resolución de exercicios, sinxelos traballos de investigación sobre mitoloxía , historia ou restos da romanización...	20%

<ul style="list-style-type: none"> Actitude do alumno perante a materia: realización do traballo cotián, participación activa na aula e orde no caderno de traballo. 	10%
---	-----

- Procedementos para a recuperación.**

A todos aqueles alumnos que teñan problemas en asimilar determinados conceptos ou que non poidan seguir o ritmo normal de clase entregaránelles follas personalizadas con actividades que reforcen aqueles conceptos que foron mal asimilados.

Nos exames de lingua entra sempre a materia vista con anterioridade, de modo que o feito de aprobar un exame implica a recuperación dos anteriores. De todos os xeitos, cando se constata que hai lagoas que impiden o progreso na asignatura, fanse exames de recuperación desa parte para que aos alumnos lles resulte máis doada a aprendizaxe.

Os temas de cultura recupéranse repetindo o exame ou entregando o traballo pendente.

Ao impartirse esta materia soamente en 4º de ESO, os alumnos nunca teñen o latín pendente porque ou ben repiten o curso ou promocionan a 1º de Bacharelato.

- A nota final de xuño** será coincidente coa do terceiro trimestre. No caso de que realizándose a nota media dos tres trimestres, o resultado fose superior á nota do terceiro trimestre, poñerase a nota media e non a do 3º trimestre. Os resultados superiores a cinco redondéanse aproximándoos ao número enteiro máis próximo (5,6→ 6 / 5,4→ 5)

- A cualificación da avaliación extraordinaria de setembro** será a obtida no exame desa convocatoria. A avaliación extraordinaria de setembro consistirá nunha única proba na que serán obxecto de avaliación os contidos mínimos explicitados na programación . Deberá obterse unha cualificación mínima dun 5 para aprobar a materia.

- Cualificación no caso dunha proba , traballo ou exame fraudulento.**

No caso dun exame ou traballo fraudulento nunha avaliación ordinaria, o/a alumno/a quedará cualificado/a cun 0, e, dependendo das circunstancias, o profesorado valorará se lle outorga a posibilidade de repetilo. No caso de tratarse da convocatoria de setembro , o exame será invalidado e cualificado cun 0.

4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

[VOLVER AO ÍNDICE](#)

Neste curso introdutorio á lingua e cultura latinas tentaremos equilibrar o tratamento dos aspectos lingüísticos e dos referentes á historia, cultura e civilización romana. Non se fará, polo tanto, un estudo exhaustivo da morfoloxía e sintaxe, trátanse con claridade conceptos gramaticais básicos xa que os alumnos desta idade teñen bastante descoñecemento dos conceptos lingüísticos máis elementais. O profesor decidirá en cada unidade a temporalización dos apartados na medida das necesidades do alumnado.

Ao versar os textos sobre diferentes aspectos da cultura romana, compaxinarase a lingua latina co achegamento á historia e á cultura de Roma, destacando os aspectos lingüísticos e culturais vixentes na nosa cultura. Aínda que non se profundizará no estudo da literatura latina, as lecturas de textos literarios axudarán a potenciar a comprensión lectora dos alumnos e, ao mesmo tempo, servirán para que estes observen como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen presentes nos nosos escritos. Fomentarase a participación activa e creativa do

alumnado, para desenvolver a súa concentración e reflexión mental e a súa capacidade expresiva.

5. MATERIAIS E RECURSOS

[VOLVER AO ÍNDICE](#)

Os materiais e recursos de emprego habitual son os seguintes:

- Libro de texto Editorial Santillana Latín 4º ESO, cunha ampla oferta en recursos dixitais.
- Dicionarios Latín-español e/ou Latín-galego
- Fotocopias con sínteses e esquemas da materia.
- Aula virtual .
- Proxección de películas e documentais.
- Proxección de presentacións en power-point .
- Utilización de internet para a busca de información.

6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Para avaliar os procesos de ensinanza e a práctica docente teranse en conta os indicadores de logro que nos servirán para comprobar o funcionamento da programación. Esta avaliación realizarase ao rematar cada unidade didáctica. Así, poderanse identificar aspectos que supuxeron dificultade para o alumnado e as necesidades de implementar actividades de reforzo e ampliación. Serviranos de referencia o sistema de rúbricas que nos ofrece a editorial Santillana, de gran axuda tanto para o profesor como para o alumno, xa que o orienta sobre o seu propio proceso de aprendizaxe, proporcionándolle información sobre os logros que debe acadar.

7. PROGRAMA DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Ao impartirse esta materia por primeira vez no currículo en 4º de ESO, o alumnado nunca ten o latín pendente . Os procedementos de recuperación das avaliacións trimestrais foron indicados no apartado 3.6 desta programación.

8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

Ao ser este o primeiro ano no que o alumnado cursa esta materia, non resultan imprescindibles coñecementos previos á parte dos comúns necesarios para o estudo de calquera lingua.

Ao comezo do curso faremos unha análise dos coñecementos do grupo sobre a cultura latina e o legado da mesma na nosa . Comprobarase tamén o dominio de aspectos básicos sobre morfosintaxe (recoñecemento de tipos de palabras, de morfoloxía básica da

flexión do substantivo e do verbo e recoñecemento das funcións sintácticas básicas da oración) para ver punto de partida do alumnado , e en caso de haber deficiencias importantes poder suplilas.

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE [VOLVER AO ÍNDICE](#)

Para o alumnado con problemas na asimilación dos diversos contidos, prepararanse exercicios de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos; para os temas culturais pediráselles a realización de breves lecturas e esquemas destas, sempre acompañadas da axuda da profesora.

Mentres se realizan estas actividades de recuperación, aqueles alumnos que acadasen satisfactoriamente os contidos propostos realizarán tarefas preparadas de antemán para profundizar neles, como realización de pequenos traballos de investigación en Internet sobre temas culturais, traducións ou lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionado co tema, mediante dicionarios ou textos apropiados.

As informacións recibidas sobre o alumnado ata o momento da redacción desta programación, non advirten sobre ningún caso concreto de NNE neste grupo, porén no caso de que haxa algún alumno que presente algunha necesidade educativa e que requira unha atención especial, contarase co apoio do Departamento de Orientación.

10. TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS [VOLVER AO ÍNDICE](#)

Os elementos transversais preséntanse como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar, e o seu desenvolvemento afecta á globalidade do mesmo. Os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais sociedade. Consideraranse todos aqueles que, dalgunha maneira, contribúan ao correcto coñecemento e comprensión do conxunto das materias do currículo e non só da materia de latín (comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional).

- Nos textos analizaranse as achegas de personaxes históricos de calquera ámbito do mundo latino en prol da convivencia e da paz. Tras coñecer as formas de organización social da República romana, realizaranse coloquios sobre se algunhas actitudes discriminatorias daqueles tempos sobreviven na actualidade e mostrarase un compromiso persoal para respectar os dereitos das persoas.

- Valoraranse os elementos sociais, culturais e políticos da antigüidade romana , sabendo extraer o positivo e trasladándoo ao presente. A crítica da sociedade romana permite unha mellor educación para a democracia.

- Proporanse actividades relacionadas co recoñecemento en textos clásicos e actuais de situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo, a fin de achegar posibles solucións para evitar a discriminación; alcanzarase o compromiso de evitar, en calquera situación comunicativa ou nacida da convivencia, formas, termos e expresións que denoten discriminación.

- Fomentarse o diálogo como forma de de solucionar as diferenzas, mediante a análise de problemas históricos de enfrontamentos ocorridos en Roma.
- Comentaranse aqueles elementos e costumes da sociedade romana que se consideran socialmente útiles ou criticaranse aqueles outros que evidencian comportamentos e ideas lesivas para a sociedade ou o individuo.
- Despertarase o interese pola cultura que desenvolveu Roma e nos legou, analizando as diferenzas e semellanzas con outras culturas, desenvolvendo así actitudes de respecto por outros pobos.
- Ao mesmo tempo que se pretende que o alumno recoñeza e identifique restos arqueolóxicos clásicos, promoverase o mantemento dun compromiso persoal para lograr a conservación de toda pegada no contorno natural, sabendo apreciar os avances tecnolóxicos e o respecto das antigas civilizacións pola natureza.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

[VOLVER AO ÍNDICE](#)

Debido a que o número de alumnos que cursan Latín é moi reducido intentaremos coordinar algunha saída didáctica con outros departamentos. Concretamente tentaremos asistir a algunha representación teatral e se é posible a colaboración interdisciplinar con outro departamento , realizar unha visita á cidade de Lugo (Museo da Domus do Mitreo,Piscina romana e Centro de interpretación da Muralla de Lugo)

12. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

[VOLVER AO ÍNDICE](#)

Ao ser impartida esta materia por unha única profesora , pertencente ademais a outro departamento, a avaliación da propia programación será feita unicamente mediante a observación dos resultados trimestrais do alumnado e a valoración que estes fagan da súa aprendizaxe. Nas reunións de avaliación trimestrais, co equipo de profesorado de 4º de ESO, expoñeranse as dificultades atopadas para detectar posibles erros na metodoloxía ou nos criterios de cualificación. Así mesmo deixarase constancia das dificultades que se vaian detectando para corrixilas nunha próxima redacción da programación enmendando, suprimindo ou agregando o que se considere necesario.

Asina a presente programación, a profesora da materia. En Mosteirón , a 15-9-2019:



Mª Belén Iglesias Gómez